

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10340 *Corrección de erros da Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Advertidos erros na Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 227, do 22 de setembro, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, preámbulo, parte II, sexto parágrafo, onde di: «Esta regulación complétase coa contida na Lei orgánica XX/XX, de xx, que regula o acceso á información contida en sentenzas ditadas en materia de fraude fiscal, (...)», debe dicir: «Esta regulación complétase coa contida na Lei orgánica 10/2015, do 10 de setembro, pola que se regula o acceso e publicidade de determinada información contida nas sentenzas ditadas en materia de fraude fiscal, (...)».

Na páxina 54, punto sesenta e cinco do artigo único, primeiro parágrafo do número 1 da disposición adicional vixésimo segunda, onde di: «(...) conforme o disposto na Directiva 2011/16/UE, do Consello, do 5 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade, (...)», debe dicir: «(...) conforme o disposto na Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade, (...)».